



Expte. Civas: 2020005123
GP – 1º T/2020

DECRETO DA CONCELLERÍA DE FACENDA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (ref: JFC/030/2020), de data 12/02/2020, fiscalizado pola Intervención Xeral (ref: 087D-20) en data 13/02/2020, en relación coa asignación que debe abonarse aos distintos grupos políticos que conforman a corporación municipal correspondente ao 1º trimestre do ano en curso, e visto o RC núm. operación 20200004921 contabilizado en data 10/02/2020 para a tramitación deste gasto, no exercicio das atribucións que me confiren as competencias delegadas segundo Decreto da Alcaldía núm. 2019006487 de 10 de setembro, así como o acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de setembro de 2019, de delegación de competencias nos seus membros, por medio do presente

ACORDO:

1. Autorizar e dispoñer o gasto, e recoñecer unha obriga a favor dos grupos municipais que se especifican, con cargo á aplicación orzamentaria "**N130.9123.48900 Asignacións a grupos políticos municipais**" (RC nº 20200004921 de 10/02/2020), as seguintes cantidades en concepto de asignación económica á que se refire o art. 41 das Bases de execución do vixente Orzamento en relación co art. 73 da lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, correspondente ao período do primeiro trimestre do actual exercicio:

CIF	Asignación fixa	Núm.	Asignación variable	Total
Nome	1º Trimestre	Concelleiros	1º Trimestre	
V32420655	1.350,00	7	9.450,00	10.800,00
Grupo municipal Democracia Ourensana				
V32372922	1.350,00	7	9.450,00	10.800,00
Grupo municipal do Partido Popular				
V32372310	1.350,00	9	12.150,00	13.500,00
Grupo municipal Socialista do Concello de Ourense				
V32501520	1.350,00	2	2.700,00	4.050,00
Grupo municipal Ciudadanos				
V32501439	1.350,00	2	2.700,00	4.050,00



Grupo municipal Bloque Nacionalista Galego

Total asignacións

43.200,00 €

2. Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina a Sra Concelleira delegada de Facenda, do que eu, Oficial Maior, dou fe.

